

PREMIOS MARÍA JOSEFA WONENBURGER PLANELLS 2007-2023



XUNTA
DE GALICIA

PREMIOS MARÍA JOSEFA WONENBURGER PLANELLS 2007-2023

O **Goberno galego** quere recoñecer ás mulleres científicas de Galicia, mulleres que souberon adiantarse ao seu tempo e que abriron camiños a moitas outras.

Así, con esta exposición preténdese visibilizar e facer chegar á sociedade as contribucións feitas polas mulleres galegas á ciencia e á tecnoloxía, todas elas galardoadas co Premio María Josefa Wonenburger Planells, que outorga anualmente desde o ano 2007 a Xunta de Galicia a través da Unidade de Muller e Ciencia.

O Premio leva o nome da investigadora e matemática galega María Josefa Wonenburger, unha auténtica pioneira e referente feminino internacional no ámbito das ciencias e que foi unha científica adiantada ao seu tempo.

Desde a creación do Premio foron merecedoras deste recoñecemento mulleres que dedican a súa vida profesional a algún campo específico da ciencia ou da tecnoloxía, e así coa visibilización a través desta exposición da súa actividade e do seu triunfo, podemos lograr afianzar a idea de que muller e ciencia non só son compatibles senón que son unha combinación gañadora.

O Goberno galego considera prioritario incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia, pois unha maior presenza de mulleres na investigación contribuiría a enriquecer a actividade científica coa achega de novos temas e perspectivas. Ademais é necesario promover a eliminación dos desequilibrios que poidan existir no relativo á formación científica, no eido da investigación e innovación e na xestión da I+D+i, así como situar

nos estudos e actividades científicas a perspectiva de xénero nun primeiro plano.

A igualdade de oportunidades ten que ser o punto de partida de todas as persoas, o resultado é aquel que cada unha se constrúe co seu esforzo, co seu traballo e co seu talento. E só se favorecemos con igual énfase a esixencia, o esforzo e a excelencia, nun marco de igualdade de oportunidades, teremos individualmente, e a sociedade no seu conxunto, máis opcións de futuro. É certo que hai aínda un camiño que percorrer ata a completa paridade, non só no ámbito da investigación, senón en todos os ámbitos dunha sociedade globalizada e tecnolóxica como é a nosa, pero o Goberno galego quere ser actor significativo nese camiño e como un novo paso presenta esta exposición das mulleres galardoadas ao longo dos anos polas súas brillantes achegas á nosa sociedade.

MARÍA JOSEFA WONENBURGER PLANELLS



Para unha muller, facer a carreira de Matemáticas na España da posguerra non era un reto sinxelo. Investigar neste campo requiría unha vocación excepcional e determinación ao alcance de poucos. María Josefa Wonenburger (Oleiros, 1927-2014), tíña.

Licenciada pola Universidade Central de Madrid en 1950, foi a primeira muller española en obter unha bolsa Fullbright, o que lle permitiu continuar a súa formación na Universidade de Yale (EEUU). A súa tese, dirixida polo alxebrista Nathan Jacobson e titulada *On the group of similitudes and its projective group* (Sobre o grupo de semellanzas e o seu grupo proxectivo), permitiulle doutorarse por esta Universidade en 1957.


Tras unha breve paréntese en España traballando como investigadora no CSIC, en 1960 recibiu unha bolsa posdoutoral da Queen University (Ontario, Canadá), onde permaneceu seis anos. Nese tempo, tivo como discípulo a Robert Moody, quen se inspirou nos seus traballos. Por iso é considerada como a “nai” da Teoría de Kac-Moody, álgebras con moitas aplicacións en Física Teórica e distintos campos das Matemáticas.

Trasládouse logo a Estados Unidos, onde pasou un ano na Universidade de Buffalo ata que, en 1967, conseguiu a praza de Full Professor na Universidade do Estado de Indiana. Alí traballou á beira de matemáticos destacados, sendo ela unha alxebrista de referencia internacional.

Regresou a España en 1983 e, nos seus últimos anos, a súa carreira foi recoñecida no noso país. En 2007, a Unidade de Muller e Ciencia da Xunta de Galicia creou o Premio María Josefa Wonenburger Planells para distinguir aquelas mulleres galegas con traxectorias notables no campo da ciencia. Tamén foi investida Doutora Honoris Causa pola Universidade da Coruña en 2010.

INMACULADA PAZ ANDRADE

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2007



- Catedrática de Física Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (USC), profesora emérita desde outubro de 1999 e doutora "Ad Honorem" desta universidade.
- Desenvolveu parte da súa formación e do seu labor científico e docente no estranxeiro, principalmente na Manchester University, onde foi nomeada Visiting Research Professor, e no Institut de Microcalorimetrie et Thermogénèse do Centre National de la Recherche Scientifique (CNRS) de Marsella.
- Directora do Departamento de Física Fundamental da Facultade de Ciencias (1964-1970 e 1972-1974) e directora do Departamento de Física Aplicada da USC (1986-1992).
- Creou o Grupo de Microcalorimetría da USC e os seus laboratorios e introduciu o estudo da Microcalorimetría en España.
- En 1999, creou o Grupo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais (Grupo THOR), para a loita integral contra o lume e os seus efectos.
- Pertence ás máis prestixiosas sociedades científicas nacionais e internacionais da súa especialidade e suma máis de 225 publicacións nesta área.
- Recibiu, entre outros moitos recoñecementos, a Medalla de Ouro de Física da Real Sociedade Española de Física, o Premio Galicia de Investigación Científico-Técnica Antonio Casares y Rodrigo, a Insignia de Ouro da USC e a Medalla Castelao.

MARÍA TERESA MIRAS PORTUGAL

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2008



- Licenciada en Farmacia pola Universidade Complutense con Premio Extraordinario e Premio Nacional Fin de Carreira (1970), obtivo o Doutoramento Sciences pola Universidade de Estrasburgo coa cualificación de *Trés Honorable* (1974) e o Doutoramento en Farmacia pola Complutense, con sobresaliente *Cum Laude* (1975).
- Desde 1986, é catedrática e directora do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular IV da Universidade Complutense.
- En 2007, foi nomeada presidenta da Real Academia Nacional de Farmacia.
- É membro de distintas sociedades científicas nacionais e internacionais.
- Foi investigadora principal en máis de 30 proxectos e publicou arredor de douscentos traballos nas áreas de Bioquímica e Bioloxía Molecular, Neurociencias, Farmacoloxía Molecular, Biomedicina e Medicina Rexenerativa.
- En 2012, presidiu a Comisión de Expertos para avaliar a situación da universidade española.
- Recibiu, entre outros recoñecementos, a Medalla Alberto Sols de Investigación en Bioquímica, o Premio de Investigación Biomédica da CEOE, e o Premio de Investigación Científica da Comunidade de Madrid, e foi nomeada doutora *Honoris Causa* pola Universidade Rey Juan Carlos de Madrid.

MARÍA S. SOENGAS GONZÁLEZ

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2009



- Licenciada en Bioloxía Molecular con Premio Extraordinario pola Universidade Autónoma de Madrid.
- Formouse no campo da Oncoloxía no prestixioso Cold Spring Harbor Laboratory (Nova York).
- No Departamento de Dermatoloxía da Universidade de Michigan iniciou un Programa de Investigación en Melanoma.
- Desde 2008, dirixe o Grupo de Melanoma no Centro Nacional de Investigaciones Oncolóxicas (CNIO).
- É cofundadora de Bioncotech Therapeutics, unha compañía biotecnolóxica que busca novas terapias contra o cancro.
- Recibiu múltiples premios e distincións, entre eles Human Frontiers in Science Program Fellowship, Leukemia and Lymphoma Society Special Award, University of Michigan Life Science Biomedical Scholar Award, Career Development Awards from the American Dermatology Foundation, Development Award from the Elsa V. Pardee Foundation, New Investigators of the Foundation for Cancer Research e o Diana Ashby Young Investigator Award from Society for Melanoma Research.
- Membro da *Melanoma Research Foundation*, *American Association for Cancer Research* e da *Society for Investigative Dermatology*.
- Participa activamente nos máis prestixiosos comités científicos e de asesoramento.

CARMEN NAVARRO FERNÁNDEZ-BALBUENA

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2010



- Estudou Medicina e Cirurxía na Universidade Central de Madrid e doutorouse na Universidade de Barcelona. Formouse en Neuroloxía na LSU School of Medicine de Nova Orleáns, e en Neuropatoloxía na Born-Bunge Foundation de Amberes e na Wickford (Reino Unido), ampliando estudos noutros centros como a Columbia University de Nova York.
- Xefa do Servizo de Anatomía Patolóxica no Hospital Meixoeiro de Vigo.
- Participou na creación e foi directora científica do Instituto de Investigación Biomédica de Vigo.
- Tomou parte na fundación do Club Español de Neuropatología, e pertence á Sociedade Francesa de Neuropatoloxía e á European Confederation of Neurological Societies. Membro do Comité de Investigación do European Neuro Muscular Center de Naarden (Holanda), do Consorcio Internacional sobre Miopatía Nematínica, do Consorcio Internacional sobre Miopatías Conxénitas, do Comité de Investigación da Association Française contre les Myopathies e do panel de profesores da École d'Été de Myologie do Hôpital de la Salpêtrière de París.
- Membro do Grupo Nacional de Trabajo de Vigilancia de Encefalopatías Espongiformes Transmisibles Humanas e asesora dos servizos de saúde públicos.
- Profesora Asociada en Ciencias da Saúde da USC.
- Avaliadora da Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva para proxectos de investigación.
- Investigadora principal en 28 proxectos, é autora de máis de 130 artigos e 22 capítulos de libro e revisora para prestixiosas revistas científicas internacionais.

OFELIA REY CASTELAO

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2011



- Licenciada e Doutora en Xeografía e Historia na Universidade de Santiago de Compostela (USC), nos dous casos con Premio Extraordinario, é catedrática de Historia Moderna.
- Foi directora de estudos na École des Hautes Études en Sciences Sociales de París en dous períodos (2004, 2012).
- Vogal do Bureau de la Commission Internationale de Démographie Historique e vicepresidenta da Fundación Española de Historia Moderna (2006-2008).
- Xestora de Historia da Subdirección Xeral de Proxectos de Investigación do Ministerio de Economía e Competitividade. Pertence tamén á Comisión de Artes e Humanidades da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación e ao Patronato do Archivo General de Simancas.
- Dirixiu o Grupo de Investigación 1921 (Historia Moderna) da USC. Nesta universidade é membro na actualidade do consello científico do Centro de Estudos Europeos, coordinadora do Doutoramento de Historia, Arte e Xeografía, e vogal da Escola Internacional de Doutoramento.
- Forma parte dos consellos científicos de 25 revistas especializadas, españolas e de México e Francia, e de comités editoriais do CSIC e de varias universidades, ademais de ter dirixido a revista Obradoiro de Historia Moderna.
- Investigadora principal en 22 proxectos, e autora de 11 libros, 77 artigos científicos e 196 capítulos de libro.

MARÍA TARSY CARBALLAS FERNÁNDEZ

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2012



- Doutora en Farmacia (*Cum Laude*), licenciada en Química (Premio Extraordinario) pola Universidade de Santiago de Compostela, e Diplomada en Edafoloxía pola Universidade de Nancy (Francia).
- Investigadora do Consello Superior de Investigacións Científicas desde 1965 e membro da súa Xunta de Goberno (1980-1984), é profesora de Investigación vinculada "*Ad Honorem*" ao CSIC.
- Foi Investigadora Asociada ao Centre National de la Recherche Scientifique (CNRS) de Francia.
- Académica numeraria da Academia de Farmacia de Galicia e presidenta do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.
- Dirixiu o Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia (1994-2004) e foi a primeira muller en ocupar o posto de First Vice-Chairmen of Commission II: Soil Chemistry, da International Society of Soil Science (1986-1990).
- Recibiu numerosas distincións e premios, entre eles o Premio de Investigación "Fray Bernardino de Sahagún" (1972), o Premio Galicia de Investigación da USC (1982) e a Medalla Castelao (2009). É Socia de Honra da Sociedad Española de la Ciencia del Suelo (SECS), Medalla de Prata CSIC 50 anos (2011) e Premio á Excelencia Química 2012.
- Creou o Grupo de Excelencia de Bioquímica do Solo, dirixiu numerosos proxectos de investigación e é autora de máis de 200 publicacións.

MARÍA JOSÉ ALONSO

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2013



- Licenciada en Farmacia e doutora pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), formada como investigadora en prestixiosos centros internacionais, é catedrática do Departamento de Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica da USC.
- Creou na USC un grupo de investigación pioneiro en España no ámbito da Nanomedicina e nos sistemas de liberación de fármacos e vacinas.
- Ten dirixido e coordinado 52 proxectos de investigación, dos que xurdiron 20 invencións protexidas a través de patentes internacionais, 221 artigos científicos e dous libros.
- É directora da Xunta de Goberno da Controlled Release Society (CRS), a sociedade máis importante no seu campo. Forma parte de plataformas tecnolóxicas como a European Technology Platform on Nanomedicine, Nanofuture, e a Plataforma Española de Nanomedicina, así como de diversas redes de colaboración (Galenos Marie Curie, Nabba Marie Curie, Cost-Nanotheranostics). Participa no comité editorial de 11 revistas científicas.
- Académica de número da Real Academia de Farmacia de Galicia, da Real Academia Nacional de Farmacia e da Real Academia Galega de Ciencias.
- Figura no noveno posto no ránking mundial do Times Higher Education 2010 na área de Farmacoloxía e Toxicoloxía. Recibiu importantes premios, como o Rey Jaime I, o Novoa Santos e o Maurice Maria Janot.
- Foi vicerreitora de Investigación e Innovación da USC e asesora distintos organismos.

CARMEN GARCÍA MATEO

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2014



- Enxeñeira de Telecomunicación (1987) e doutora enxeñeira de Telecomunicación pola Universidade Politécnica de Madrid (1993).
- Completou a súa formación con estadías de investigación posdoutoral na Universidade de California Campus de Santa Barbara (UCSB), en 1994; nos Laboratorios Bell de ATT (New Jersey), en 1997 e 1999; na Michigan State University, en 2005; e na Universidade de Kent, en 2013.
- En 1987 incorporouse á Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo (UVIGO). Na actualidade é catedrática do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions (TSC) e coordina o programa de doutoramento en Tecnoloxías da Información e Comunicacions. Entre 2006 e 2010 desempeñou o cargo de vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea.
- Dirixiu e coordinou numerosos proxectos de investigación e teses doutorais, e publicou máis de 100 artigos en revistas e congresos internacionais.
- Colabora con diversas revistas científicas no seu eido e é socia fundadora da Sociedade Española para a Acústica Forense-SEAF.

ISABEL AGUIRRE DE ÚRCOLA

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2015



- Foi profesora titular no Departamento de Composición, en Introducción á Arquitectura e Estética, e estende a súa experiencia docente a outras universidades e escolas españolas e estranxeiras.
- Dirixe a Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega, e foi responsable tamén do seu Grupo de Investigación. Actualmente coordina o máster de Arquitectura e Paisaxe da Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela.
- Forma parte do Comité de Head Masters do European Council of Landscape Architecture Schools.
- Gañou o Premio Nacional de Arquitectura “Manuel de la Dehesa” e o Premio Internacional de Intervención no Patrimonio Arquitectónico AADIPA polo entorno do Mosteiro de Caaveiro (A Capela).
- Dirixe o workshop do master internacional de Architettura di Paesaggio do “Centro Italiano di Architettura”, de Milano, Italia.
- Dirixiu varios cursos na UIMP sobre paisaxe e territorio na Ribeira Sacra.

PEREGRINA QUINTELA ESTÉVEZ

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2016



- Licenciada en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), obtivo o doutoramento en Ciencias Matemáticas pola Universidade Autónoma de Madrid e pola Universidade de París VI.
- É catedrática do Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago (2000), do que foi directora entre 2004 e 2008 e coordinadora dos programas de doutoramento durante máis dunha década, chegando a acadar a mención de calidade da ANECA.
- Foi coordinadora do Nodo CESGA do Proxecto Ingenio Mathematica (i-MATH, 2006-2012), membro do Consello de Dirección do proxecto e da súa Plataforma Consulting.
- Impulsora da Rede Española Matemática-Industria (math-in, 2011), da que é presidenta fundadora. Tamén participou na fundación do European Service Network of Mathematics for Industry and Innovation (EU-MATHS-IN, 2013), e é membro do seu Consello de Dirección.
- Dirixe, desde a súa fundación, o Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI, 2013).
- É membro do Applied Mathematics Committee da European Mathematical Society. Tamén é membro do ECCSM (Computational, Solid and Structural Mechanics) da European Community on Computational Methods in Applied Sciences (ECCOMAS).
- Participou en máis de 50 proxectos competitivos de investigación, sendo investigadora principal en 34 deles, e publicou arredor de 80 traballos na súa área. Leva dirixidas 8 teses de doutoramento.

BEGOÑA VILA COSTAS

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2017



- Licenciada en Física pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), coa especialidade de Astrofísica pola Universidade de La Laguna (Tenerife).
- Doutora en Astrofísica (1990) pola Universidade de Manchester (departamento de Radioastronomía de Jodrell Bank), completou a súa carreira posdoutoral no departamento de Física da Universidade de Cardiff.
- Marchou a Canadá, onde traballou en distintas empresas aeroespaciais, implicada en proxectos de satélites de rescate (SARSAT), e outras misións de satélites (Mars Hyperspectral Mission, Polar Communications and Weather Mission, Hyperspectral and Luminesense, etc.).
- En 2006 incorporouse ao proxecto do Telescopio Espacial James Webb (JWST) da NASA, contratada pola Axencia Espacial Canadiense (CSA).
- En 2013 comezou a traballar directamente para a NASA, sendo enxeñeira principal de Sistemas no Centro Espacial Goddard, encargada de dous dos instrumentos do telescopio espacial James Webb.
- Foi a encargada da proba fría final de todos os instrumentos do telescopio JWST.
- Polo seu traballo na Axencia Espacial estadounidense, foi merecedora de múltiples recoñecementos e premios, entre eles a medalla da NASA para o Logro Público Excepcional (Exceptional Public Achievement Medal) en 2016.

ALICIA ESTÉVEZ TORANZO

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2018



- Doutora en Bioloxía e licenciada en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Desenvolveu parte da súa formación posdoutoral nas universidades de Maryland e Oregón.
- É catedrática do Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía da USC, que dirixiu entre 2004 e 2013, e coordinadora do Programa de doutoramento en avances en bioloxía microbiana e parasitaria.
- Desde 1984, codirixe o grupo de investigación en Patoloxía de Animais Acuáticos, Grupo de Referencia Competitiva da Xunta de Galicia.
- É inventora de 8 patentes de uso en acuicultura, relacionadas con vacinas e procedementos diagnósticos para enfermidades en peixes de consumo habitual.
- Participou en arredor de 90 proxectos de investigación neste eido, impulsados tanto por entidades públicas como por empresas, máis da metade como investigadora principal.
- Na súa produción científica, é autora de 275 artigos, 30 capítulos de libros e máis de 300 comunicacións, ademais de dirixir 17 teses de doutoramento.
- Foi merecedora do Premio Nacional de Fin de Carreira (Ministerio de Educación e Ciencia), e tamén do Premio Nacional 'Jaime Ferrán', da Sociedade Española de Microbioloxía, entre outros recoñecementos.
- É membro da Real Academia Galega de Ciencias e da Academia de Farmacia de Galicia.

MABEL LOZA GARCÍA

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2019



- Mabel Loza García (Tapia de Casariego, 1961) é licenciada en Farmacia pola USC, realizou a súa tese doutoral na Facultade de Medicina de Oviedo e completou a súa formación científica no Centro Médico Monte Sinaí de Nova York. Na actualidade é catedrática de Farmacoloxía da USC, onde compaxina o labor docente e investigador.
- Dirixe o grupo de investigación BioFarma, centrado na aplicación da farmacoloxía ao descubrimento de fármacos. O seu equipo multidisciplinar está centrado no desenvolvemento de proxectos de I+D+i nas fases temperás do descubrimento de medicamentos, sendo un referente en España neste eido.
- No seu labor como profesional destaca a unha visión global dos programas orientados desde o principio ás necesidades do doente, creando as pontes (básico/clínico, público/privado) que permitan acadalas. Para iso levou a cabo importantes proxectos en colaboración coa industria farmacéutica que permitiron que quince novos fármacos chegasen a ensaios clínicos nos doentes desde hai máis de dúas décadas, o que lle ten valido o recoñecemento da EFPIA (European Federation of Pharmaceutical Industries and Associations) entre os "30 científicos de 30 países de Europa", no marco da iniciativa Portraits of Science-Scientists of Tomorrow, e o premio Investigador-Innovador 2018 polo Foro de Empresas Innovadoras de España, entre outras distincións que poñen en valor a súa achega ao descubrimento temperán de novos fármacos.

AMPARO ALONSO BETANZOS

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2020



- Amparo Alonso Betanzos (Vigo, 1961) licenciouse en Química coa especialidade de Química Industrial (1984) e doutorouse en Física (1988) na Universidade de Santiago de Compostela, onde por primeira vez dirixiu o foco do seu traballo á área da informática biomédica.
- Completou a súa formación posdoutoral no Medical College de Georgia (EEUU), traballando no desenvolvemento de Sistemas Expertos para aplicacións médicas, ámbito no que aprofundou especialmente na monitorización antenatal. Posteriormente centrou o seu labor científico nas aplicacións da Intelixencia Artificial en ámbitos tan distintos como o medio ambiente, a saúde e a industria 4.0, así como nos avances en algoritmos de aprendizaxe automática.
- Nestas áreas segue a traballar xa como catedrática de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da Universidade da Coruña (UDC), onde desde o ano 1990 é a coordinadora do Grupo LIDIA (Laboratorio de I+D en Intelixencia Artificial) pertencente ao Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC), compaxinando o labor docente e investigador. Actualmente é a comisionada desta Universidade para o desenvolvemento do nodo de Intelixencia Artificial da Cidade das TIC na Coruña.
- A súa experiencia como pioneira nesta área e o compromiso co avance no campo das TIC en España, levouna á presidencia da Asociación Española de Intelixencia Artificial e a ser experta de referencia tanto da Comisión Europea, como membro da 'Reserve List' do High Level Expert Group on Artificial Intelligence (AI HLG), como do Executivo español. Sendo parte do Grupo de Traballo en Intelixencia Artificial, en 2018 asesorou na redacción da Estratexia Española en Intelixencia Artificial e actualmente forma parte do Consello Asesor de Intelixencia Artificial do Goberno de España.

MARÍA VICTORIA LAREU HUIDOBRO

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2021



- María Victoria Lareu Huidobro (Santiago de Compostela, 1960) é licenciada en Medicina e Ciruxía pola USC (1984), continuando a súa formación en diferentes centros de investigación de especial relevancia en medicina forense como o Instituto Medicina Legal de Coímbra ou London Hospital College.
- Realiza a súa tese doutoral sobre marcadores xenéticos na cirrose hepática alcohólica (1990) na USC, integrándose no Departamento de Patoloxía e Ciencias Forenses como profesora asistente e realizando a súa actividade investigadora e docente centrada no campo da xenética forense, participando na introdución no campo dos loci STR.
- En 1996 obtivo o cargo de profesora da USC no Departamento de Patoloxía e Ciencias Forenses, onde desenvolve a aplicación pioneira no campo dos SNP (polimorfismos de nucleótido único) e InDels (polimorfismos de inserción e delección) para a predición de ascendencia biogeográfica e características físicas, novos marcadores en xenética forense que actualmente se utilizan amplamente no campo forense. Na actualidade centra a súas investigacións na aplicación de tecnoloxías de secuenciación masivamente paralelas no campo forense e o estudo e aplicación das marcas epixenéticas do xenoma humano, campos pioneiros na investigación forense.
- En 2007 obtivo o cargo de catedrática de Medicina Legal da USC, e é nomeada directora do Instituto de Ciencias Forenses da USC.
- O seu traballo foi recoñecido con catro premios consecutivos de investigación de excelencia (sexenios de investigación) (entregados cada seis anos) (1990-1996; 1997-2002; 2003-2008; 2009-2014 (próxima aplicación 2020), e cunha Transferencia de ciencia. Premios (sexenio de transferencia).

M. ELENA VÁZQUEZ CENDÓN

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2022



- M. Elena Vázquez Cendón (Ourense, 1966) é licenciada (1989) e doutora (1994) en Ciencias Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) sendo Alfredo Bermúdez o seu director. Profesora titular de universidade da área de Matemática Aplicada desde 1997.
- Desenvolveu contribucións significativas ás leis de balance hiperbólicas coa metodoloxía de volumes finitos. Os ámbitos de aplicación son: o movemento da auga en ríos, escalas de peixes, zonas costeiras –sendo as rías galegas a súa motivación– e, tamén, o fluxo do gas, o fluxo de sangue e o deseño industrial. Forma parte do equipo que desenvolveu o software IBER.
- Foi investigadora principal e participou en proxectos nacionais e internacionais. Liderou contratos co Centro Tecnolóxico do Mar e con *Endesa Geración S.A.*, e participou en contratos coa *Fundación Ciudad de la Energía* e Reganosa. É investigadora vinculada ao Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMaga) e ten recoñecidos catro sexenios de investigación.
- Iniciou o labor docente en 1989 impartindo materias da área de Matemática Aplicada. Titorizou máis de 25 TFG e TFM e co-dirixiu as teses de doutoramento de Luis Cea e Saray Busto.
- Foi vicerreitora de estudantes e relacións institucionais da USC (2002-2006). Desde 2015 é a coordinadora xeral do Máster en Matemática Industrial (con mención de excelencia da Xunta de Galicia) polas universidades: USC, UDC, UVigo, UC3M e UPM, e é decana da Facultade de Matemáticas desde xuño de 2017.
- Está comprometida coa divulgación das Matemáticas e preside desde 2021 o Proxecto de Estímulo do Talento Matemático (Estalmat-Galicia).
- Membro da Unidade de Muller e Ciencia da Xunta de Galicia, do Plenario do Consello da Cultura Galega e do Consello Científico Asesor da *Fundación GADEA por la Ciencia* na Área de Matemáticas.

MARÍA CONCEPCIÓN PAZ PENÍN

Premio María Josefa Wonenburger Planells 2023



- María Concepción Paz Penín (Ferrol, 1969) é enxeñeira industrial e doutora de enxeñaría industrial pola Universidade de Vigo (2003). Na actualidade, é cate-drática da Área de Mecánica de Flúidos da Universidade de Vigo e desenvolve a súa actividade investigadora dentro do Grupo de Tecnoloxía Enerxética (GTE).
- É coautora de máis de 50 publicacións científicas indexadas e de máis de 50 relatorios en congresos internacionais.
- Como titora de traballos avanzados, ten dirixido sete traballos doutorais e máis de 100 proxectos fin de carreira e traballos fin de grao/máster. É coordi-nadora do Grupo de Innovación Docente “CFD aplicado á docencia” desde 2017.
- Ten participado en proxectos de convocatorias competitivas internacio-nais, nacionais e autonómicas, dos que en máis de dez foi investigadora principal. Ten liderado máis de corenta contratos de investigación con em-presas e/ou entidades públicas.
- Foi subdirectora da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais da Univer-sidade de Vigo (ETSEI) desde o 2007 ao 2010 e da Escola de Enxeñaría Industrial (EEI) do 2010 ao 2011. No 2017 obtivo o Premio de Transferencia de Tecnoloxía da Real Academia Galega de Ciencias. Foi coordinadora do Programa de Dou-torado Interuniversitario en Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade no 2018.
- Foi membro da Comisión de Enxeñaría Mecánica e da Navegación da Agen-cia Nacional de Evaluación y Acreditación (ANECA) do 2018 ao 2021 e da Área de Producción Industrial da Administración Nacional de Educación Pública en 2019. Ten actuado como avaliadora experta de ANEP e doutras axencias autonómicas en máis de 50 proxectos. Delegada da Universidade de Vigo no Centro Universitario da Defensa de Marín (CUD-Marín) desde o 2018 ao 2020. Desde outubro de 2020 dirixe o Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais da Universidade de Vigo (CINTECX).

PREMIOS MARÍA JOSEFA WONENBURGER PLANELLS 2007-2023

Edita: Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Fotografías: Xurxo Lobato

Gráfica: Alejandro Velázquez

Depósito Legal: C 1969-2023

**PREMIOS
MARÍA JOSEFA
WONENBURGER
PLANELLS
2007-2023**



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE**